Primeiros achados

A apertura da estrada de acceso ó cume do monte, en 1913, pon ó descuberto numerosas estruturas que a **Sociedad Pro Monte**, integrada por indianos guardeses, se preocupa de recuperar en distintas campañas de escavación nas que participaron sucesivamente **Ignacio Calvo**, **Cayetano Mergelina**, **Manuel Fernández** e **De la Peña Santos**. A recente intervención (2015-16) dirixida por **Rafael Rodríguez** e financiada pola Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento consistiu en escavar de novo a zona xa estudada entre 1928-1933, polo arqueólogo da Universidade de Valladolid Cayetano Mergelina y Luna.

Aquí viviron entre 3.000 y 5.000 persoas

Un **recinto amurallado** de pedra de cachote define a citania. Dunha **extensión** estimada de **20 has**, accédese a ela pola **porta Norte**, cerca da estrada actual, e a **Sur**. Ó lado da mesma, pola parte exterior da muralla acumúlanse os desperdicios no **"cuncheiro"**. As construcións, de **planta circular**, **oval** ou **rectangular** con esquinas redondeadas destinábanse a **vivendas**, **almacéns**, **talleres ou celeiros**. As **vivendas identifícanse por un vestíbulo** no que se sitúa o **forno** que contén un **fogar no seu interior**, a **construción é máis coidada** e **accédese a través dunha porta**. Outras edificacións non destinadas á vivenda carecen destes elementos. Para a **cuberta** empréganse **materiais vexetais** e tamén **tégula romana**.

Escavación no barrio de Mergelina

Monte Santa Trega

A GUARDA | Pontevedra

Vostede é unha de entre os milleiros de persoas que visitan anualmente este lugar. **Respecte as construcións, no suba por riba dos muros**. Ademais de resultar perigoso, deteriora o conxunto.

Moitas gracias!

Ilustracións: Pablo Castro, María Fontán, Jacobo Lijó

Rede de Museos A Guarda

MUSEO ARQUEOLÓXICO DE SANTA TREGA
Tel_986 610 504 / 690 017 038

MUSEO DO MAR
Tel_986 685 185

CASTELO DE SANTA CRUZ
Tel_986 685 855

redemuseos@aguarda.es

MASAT · MUSEO DO MAR DE A GUARDA · CASTELO DE SANTA CRUZ

SANTA TREGA · PADROADO MUNICIPAL MONTE SANTA TREGA A GUARDA · CONCELLO DE A GUARDA · DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Monte Santa Trega

GUÍA DE VISITAS

A GUARDA | Pontevedra

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Os veciños do Trega habitaban un lugar con vistas

A media ladeira do monte de Santa Trega, de 341 metros de altitude, localízanse os restos do que foi unha gran cidade do Noroeste peninsular: a **citania de Sta Trega**. O emprazamento ofrece ós seus habitantes unha **ampla visibilidade** da contorna, o que parece responder a unha función de **control do tráfico marítimo e fluvial** así como das abundantes **explotacións mineiras** documentadas nos próximos **montes da serra da Groba**.

Un poboado de cores e decorado

O aspecto xeral era moi distinto se temos en conta que as **edificacións estaban enlucidas e pintadas con cores vermello, azul ou branco**. As **xambas e linteis** dalgunhas portas estaban **ricamente decoradas** con gravados xeométricos, bloques cilíndricos (esvásticas) embutidas nos muros **e con accesorios como peañas e amarradoiras**.

A desorde construtiva é só aparencia

As construcións organízanse en **grupos integrados por varias vivendas e almacéns** que **comparten** un pequeno **patio común**, frecuentemente empedrado. Agrúpanse en **pequenos barrios** separados por estreitas rúas perfectamente identificadas na zona Mergelina. Esta planificación urbanística compleméntase cunha complexa **rede de canles de evacuación de augas pluviais e alxibes** distribuídos pola citania.

Un poboado con influencias púnicas e romanas

As últimas investigacións confirman unha **primeira ocupación**, cando menos, no **s. IV a C.** O Noroeste peninsular formaba parte da **ruta de comercio púnico** que desde Gadir (Cádiz) navegaba pola costa atlántica en busca de estaño, escravos e peles. A presenza de abundante e **variada cerámica** confirma a **importancia do comercio en Sta Trega**. O poboado perde relevancia cando a construción de vías de transporte terrestre reduce a importancia do tráfico marítimo e as reformas da administración romana promoveron a ocupación de zonas más baixas.

A agricultura, gandería e oficios artesáns serían actividades cotiás

Como ocorre en todos los castros, o modo de subsistencia sería bastante autónomo. Habería unha **agricultura variada** (trigo, cebada, avea, millo ou fabas) e **gandería** (vaca, ovella, cabra e porco). A **caza, pesca e marisqueo**, serían actividades complementarias pero igualmente importantes. A elaboración de **cerámicas, tecidos** e **instrumentos metálicos** ou o **comercio**, son algunhas outras actividades que ocuparían ós habitantes do lugar.

ERMIDA, CRUCES E CRUCEIRO

Na cima do monte atópase a **ermida** dedicada a **Santa Trega**, documentada xa no séc. XII pero reformada e ampliada nos séc. XVI e XVII. Mostra da gran tradición relixiosa e devoción á mártir de Iconio son as diferentes festividades relixiosas como a romaría do 23 de setembro ou a centenaria **procesión do Voto** durante a cal os fieis percorren as estacións do moderno **Via Crucis**, obra do escultor valenciano Vicent Mengual, que substitúe ó antigo de feitura moito máis sinxela. Diante da ermida encóntrase o **cruceiro de san Francisco** datado no séc. XVI que lembra a presenza desta orde na comarca. Habitaron **A Insua**, pequena illa portuguesa emprazada en plena confluencia do río co mar.

A PAISAXE

O Monte Santa Trega álzase como un excelente **miradoiro natural** cara o esteiro e a desembocadura do Miño, Portugal, o val do Rosal e o Atlántico. Dúas elevacións distínguense na cima: o **Pico do Facho** de 328 metros ofrece unha ampla panorámica sobre o val do Rosal e o casco urbano da Guarda co seu acolledor porto pesqueiro. No **Pico de San Francisco**, a 341 m de altitude, localízanse os establecementos hostaleiros, a ermida e o MASAT e ofrece unhas impresionantes vistas sobre a veciña Portugal e a confluencia do Miño co Atlántico.

O MASAT

Actualmente o **Museo Arqueolóxico de Sta. Trega (MASAT)** ocupa o edificio deseñado como restaurante polo arquitecto porriñés **Antonio Palacios** que empezou a funcionar como tal en 1934. Por subscrición popular a Sociedad pro Monte compra e adapta o inmoble inaugurado como Museo en 1953 no que se depositaron os materiais almacenados ata ese momento nun céntrico local de A Guarda desde 1917.

Ofrece o **MASAT** unha **completa colección de labras e esvásticas, de moedas romanas, de obxectos cerámicos, vidro...** e como pezas singulares destacan un espléndido remate de torques decorado con finas filigranas e o **cabezón do Trega**, o descubrimento máis emblemático das escavacións realizadas recentemente.

INFORMACIÓN

masat@aguarda.es Tel_ 986 610 504 / 690 017 038